



Ramón Casanova (11 de agosto de 2013)

Monfortinas e monfortinos, amigos, familia, xente de ben, moi boas noites. Moi boas noites tamén á Corporación Municipal, Concelleira de Cultura, Sr. Alcalde, responsables de que sexa hoxe eu quen oficia esta liturxia.

Permitaseme antes de nada lembrar os veciños que por causas diversas non poden gozar con nós destes días, especialmente aqueles que nos foron deixando. A todos témolos hoxe connosco, na memoria e no corazón.

Tamén quero aproveitar para enviar unha aperta moi forte a todos os viaxeiros e tripulación do Alvia traxicamente sinistrado en Angrois. Como monfortinos sabemos ben o que o tren é. Moitos temos devanceiros ferroviarios e todos, a pesar da intensísima e paulatina deslocalización de Renfe en Monforte, temos aínda algún familiar ou amigo ferroviario. Os monfortinos levámolo no sangue, e por iso aínda con máis forza sentimos como propia esta desgraza. Un abrazo forte para todos os afectados, témolos tamén connosco.

Ben, agora si. Un ano máis achegámonos ó intre de principiar as nosas festas patronais. Unhas poucas verbas, o primeiro foguete e comezan oficialmente os días



de celebración, de lecer, de ledicia e, sobre todo, de descubrimento, de conversa e de encontro.

E digo oficialmente porque, como sabedes, oficiosamente a festa xa comezou. A nosa festa, a que nos enche, a que nos comprace, a que chega ó seu cumio nestes días de agosto, xa leva uns días entre nós. Comeza exactamente cando chegan eses familiares que están fora, os amigos que hai tempo non vías, os viaxeiros e turistas (cada vez máis) que recalán na nosa cidade.

A festa é iso, a celebración do encontro e dos reencontros. O converterse a nosa cidade por uns días nun ferredoiro de xentes, tráfico intenso de coches, comercios e bares cheos. Rememoramos un pasado lendario de feiras e rúas ateigadas. E barruntamos a posibilidade de ser Monforte así por sempre, cotiamente bulliciosa, capitá de si mesma.

Méritos non lle faltan: un gran val cruzado de ríos, unha extensísima rede de regadío e estamos a hora e media en coche da máis distante capital galega, (tamén da do Bierzo). Contamos cun pasado memorábel de castros, vicerreis, irmandiños, irmandades... Temos cultura antiga e xeitos e cobizas de futuro.

Cando menos así o sentía eu de neno, cando case de súpeto nos atopabamos facendo



reconto de matriculas doutras provincias e mesmo estranxeiras. Canto máis era a proporción foránea máis mérito lle daba eu á festa. Espreitava nas caras novas historias de vida que descubrir e que engadir e mesturar na nosa historia conxunta.

Agora miro dende o outro flanco, como o fai unha altísima porcentaxe da xente da miña xeración, cadaquén dende a súa particular diáspora, devecendo sempre por volver, por transitar, por habitar e sentir a enerxía do Monforte que nos creou e que nos criou. E ao chegarmos agasallámonos en debate e diálogo constante, con nós mesmos e cos nosos, a preguntarnos que podemos facer por Monforte, como facer compatibles as nosas carreiras profesionais e as nosas inqedanzas por vivir na terra. Atesouramos o pasado e proxectámolo en posibilidades de futuros ideais.

E así, se cada viaxe é sempre unha volta á casa, foi deste xeito que eu comecei a centrar a miña obra artística na paisaxe dos devanceiros. E non me refiro ós devanceiros como algo abstracto e inmaterial, senón a algo vivido que eu descubrin ao saír fóra. Algo que gardaba, que me constituía e que necesariamente tiña que entender e aprehender para ser alguén real e non unha simple aparencia máis ou menos crible.



Fotografei por anos case que exclusivamente en Galiza, cargando coa cámara coma quen leva un aparello de sintonización, na procura dun silencio que se presentaba a resultas de intres de intensa conexión coa contorna. Algo que Marcel Proust explica dun xeito que nos é ben próximo. Di Proust:

"Considero moi razoable a crenza céltica de que as almas dos seres perdidos están sufrindo cativerio no corpo dun ser inferior, un animal, un vexetal ou unha cousa inanimada, perdidos para nós até o día, que para moitos nunca chega, en que suceda que pasamos ó carón da árbore, que entramos en posesión do obxecto que lles serve de gaiola. Entón estremécense, chámannos, e en canto os recoñecemos rómpese o feitizo, e liberados por nós, vencen á morte e retornan a vivir na nosa compañía"

Máis adiante comecei outra das miñas liñas de traballo, a interpretación contemporánea de coleccións de arte clásica. Un destes proxectos levoume ó Museo Arqueolóxico de Nápoles, cidade onde me abraiou o importante legado dos condes de Lemos, vicerreis de Nápoles, recoñecido polos napolitanos dun xeito que nin por moito que eu lese antes nunca en Monforte chegara a imaxinar.

E foi artellando un novo proxecto no Reino Unido cando recibín a chamada que me



proponía facer este pregón. Cousa moi inesperada que recibín con honra e como unha gran responsabilidade.

Despois de pensalo bastante, pois sempre pensa un que pode haber xente máis merecente, decidín aceptalo por dúas razóns que mentres escribo estas liñas se converten en tres. A saber:

A primeira por ser eu xente do mundo do ensino e da arte e con moi fondo agradecemento por ser valorado este mérito meu precisamente agora, nesta profunda crise. Crise que é tamén de valores e na que non pouca xente, algunha con moito poder, considera que o ensino é algo pouco produtivo que se debe recortar ad infinitum, rebaixando os estándares, dificultando o labor dos docentes e mesmo atrancando o acceso ós que menos capacidade económica teñen. E onde outra tanta xente ve a cultura como algo accesorio, un luxo superfluo e polo tanto prescindíbel.

No tocante ó ensino, sirva este acto de recoñecemento ó labor e á entrega de todos os mestres e profesores de Monforte. Permitideme que especialmente me lembre daqueles que no seu momento me sufriron como alumno e de todos os que senten, e polo tanto transmiten, entusiasmo e paixón pola súa materia.



A educación dos nenos e rapaces é o pilar fundamental de calquera sociedade. O mellor agasallo que podemos facer é entregarlles como herdanza o librepensamento, diálogo e capacidade de aprendizaxe, os coñecementos e a inquietude, capacidade e imaxinación para xestionalos.

No tocante á arte, lonxe de ser prescindíbel, é o sintoma máis evidente dunha sociedade sa, que se pregunta sobre si mesma, que se ocupa de aprender e cuestionarse sobre a súa contorna, a súa historia, a súa paisaxe, a súa humanidade.

A arte é a manifestación primeira e máis antiga de pensamento. É un modo empático e integral de percibir, investigar, expresar. A arte é ademais unha marca de calidade. Un pulo para outras actividades económicas, como o turismo ou a innovación en calquera sector.

Os proxectos artísticos, os certames, as bolsas en residencia, as salas de exposicións, publicacións, nin son un luxo nin están dedicados a uns poucos. Son un xeito de afirmarnos no que somos e proxectararnos no que podemos ser. Son ademais un dos xeitos máis efectivos, rápidos e económicos, de poñer unha cidade no mapa.

Monforte é de por si unha terra rica en manifestacións culturais e artísticas. Entendamos que forman parte do carácter da nosa terra e deámoslle o valor que



teñen.

E non me refiro tan só ós grandes monumentos; castelo, pontes, mosteiros, pazos, museos... Refirome tamén ás pegadas da nosa cultura antiga, medorras, mámoas, castros soterrados. Até 16 son os castros que rexistra Germán Vázquez na súa Historia de Monforte. Refirome tamén á arquitectura popular, esas valiosas casas dos nosos devanceiros que por seren de terra ou de madeira se subvalorizan e moitas veces se derrúen. Son tamén preciosas as casas de mediados do século vinte construídas no momento de auxe da Renfe. Aínda non nos deu tempo a valoralas e xa estamos a substituílas por outras quizabes máis cómodas e seguro que máis impersoais.

Refirome tamén á cultura popular, á labrega, á do agro. A que tiña todo o que os moitos enfastiados das imposibilidades manifestas do desarrollismo volven buscar e nós aínda non perdemos de todo, aproveitémolo tamén. O slow-movement, é dicir, o ir de vagar, a calidade de vida, os produtos de proximidade e ecolóxicos, os oficios, o artesan, o coñecemento e o aproveitamento sostible da contorna.

Nós temos na Ribeira Sacra un exemplo único de conxunción entre aproveitamento económico e mantemento dunha paisaxe única, de tal xeito que ámbalas dúas



realidades se reflicten e potencian entre elas. Sigamos ese exemplo, potenciemos a nosa natureza, faranos unha cidade máis forte e máis única. Temos a un paso O Incio, a dous O Caurel, xoias de diversidade natural, e cultural paisaxística. Se por tempo pareceu que Monforte sería máis cidade por ter máis cemento, máis ladrillo novo e menos árbores, sabemos xa que non, e temos nesta crise unha oportunidade de repensalo, de virar cara ao agro e aproveitar tamén economicamente a riqueza do noso río e terras de regadío difícil de atopar noutro lugar. Produzamos como antes os nosos pais e avós facían para si, pero innovemos e exportemos a nosa valía.

Temos este ano unha nova oportunidade de reencontrarnos co Cabe, un proxecto ambicioso que permitirá seguir o seu decurso dende Monforte ata Piñeira. Eu miroo coa ilusión de que sexa un proxecto que nos permita achegarnos ó que o río é, aprender del, da súa verdadeira natureza, das súas especies vexetais e animais e coa esperanza de que nun futuro se poida estender río arriba, por Vilanova, Ribas Altas, A Parte. E miroo tamén, coa inquedanza de que non se converta noutra nova domesticación, en apropiación urbanizadora.

Este e calquera grande proxecto ten sentido cando move conciencia, cando crea



sinerxias ó seu redor, cando todos nos sentimos participar del.

E chego á segunda razón de estar eu aquí. Serei moi breve. Foi, precisamente, por sentirme eu pouca cousa para facelo. Gustoume pensar na idea de que calquera veciño de Monforte puidese ser quen teña esta honra e interesoume moito a posibilidade de que todos e cada un de nós tivésemos necesariamente a responsabilidade de indagar no que Monforte é, expresar como o sentimos, como nos gustaría sentilo e o que podemos facer ou propoñer para que así chegue a ser.

Monforte constrúese das pequenas cousas, das causas cotiás, e cada un de nós somos heroes da súa construción. Por iso estamos no momento de xuntarse no diálogo e no traballo conxunto, articular iniciativas, asociacionismo, cooperativas. Tamén dun xeito colectivo Monforte, que mantivo sempre a vocación de servizo, ten a posibilidade de liderar unha idea cooperativa co rural e con outras vilas irmás. A forza dunha cidade, a capitalidade, demostrase na vontade e capacidade de sumar forzas e de xunquir un territorio nun proxecto común de desenvolvemento.

A terceira, e última, en agradecemento á miña familia. Primeiro a meu pai, Xosé Ramón Casanova, nos seus constantes méritos sempre traballados por Monforte, dende a súa época como docente, os proxectos na natureza, os internacionais e este



momento actual de repoteiro incansable. Ós meus pais, ós dous, por transmitirme a paixón pola súa profesión e por educarme no respecto e a liberdade de pensamento. A meus avós, que dende Ribas Altas e Sindrán me transmitiron o inmensísimo valor do rural, que me inculcaron esa idea labrega de estar e contemplar. E a toda a miña familia por ser sempre unha piña, por estar tan unida e en toda condición.

Neles e nos amigos reflíctese o que eu sinto da festa, de calquera festa, e máis desta festa patronal que esta a piques de comezar. Xuntémonos, gocemos, conversemos, e enchamos estes días de pequenas experiencias maravillosas dignas de recordar por sempre.

¡Viva Monforte! ¡vivamos todos nós! ¡viva a nosa festa!